



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i) EN GALICIA NO ANO 2017 ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U

En Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, secretaria xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do disposto na disposición adicional segunda, do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte,

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir e, para estes efectos,

EXPÕÑEN

Primeiro.- Que segundo o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Medios é o órgano da Administración Autonómica encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de comunicación e audiovisual, correspondéndolle as funcións de relación cos medios informativos.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Que a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i) tense convertido nunha pedra angular do desenrolo da sociedade actual, pois é indubidable o seu impacto no tecido económico e social, xa que incide directamente no desenvolvemento económico dos países, incrementado o nivel de vida dos seus cidadáns. É por iso que resulta importante a divulgación da información existente sobre esta área para que os cidadáns se sensibilicen e tomen conciencia da súa relevancia como elemento dinamizador da nosa sociedade.

Cuarto.- Que os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública libre, de tal xeito que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito



responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de maneira que poida ponderar as opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Quinto.- Que a Secretaría Xeral de Medios, como órgano competente en materia de comunicación, pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública, impulsando para iso as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, á formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.

Sexto.- Que a entidade colaboradora é a empresa matriz do grupo de comunicación que integra o xornal en formato papel La Voz de Galicia; o xornal dixital www.lavozdeg Galicia.es; V Televisión e radio Voz, con ampla difusión en Galicia.

A entidade colaboradora vai a desenvolver uns programas en Radio Voz e en V Televisión dedicados á informar e divulgar as actividades de I+D+i que teñen lugar en Galicia.

Sétimo.- Que resulta de gran interese para a Comunidade Autónoma colaborar na realización destes programas tendentes a divulgar os proxectos e traballos de I+D+i a través da súa emisión nos servizos de comunicación audiovisual de V Televisión e Radio Voz a fin de dar a coñecer á cidadanía as actuacións que se están a desenvolver en Galicia, resaltando a labor que realizan as universidades, os centros tecnolóxicos, os centros de investigación e o tecido industrial galego.

De acordo co anterior, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Finalidade.

Este convenio ten por finalidade establecer as condicións a través das cales se vai articular a colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a entidade colaboradora para contribuír á realización duns programas de radio e televisión en relación coas actuacións en materia de investigación e desenvolvemento e innovación (I+D+i), especialmente na aplicación de novas tecnoloxías nos medios de comunicación social, que actualmente se están a impulsar en Galicia.

Segunda. Obxecto.

A entidade colaboradora, a través dos servizos de comunicación audiovisual de Radio Voz e de V Televisión, vai levar a cabo a produción e emisión duns programas de radio e televisión cuxo contido vai consistir en dar a coñecer as iniciativas, proxectos e programas de I+D+i que se están



a impulsar na nosa Comunidade Autónoma, especialmente na aplicación de novas tecnoloxías nos medios de comunicación social. Para un maior coñecemento da emisión destes programas farase unha promoción o suficientemente ampla no xornal en formato papel e no xornal dixital.

Terceira. Orzamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade colaboradora o orzamento do custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de euros (Anexo I), que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

A Secretaría Xeral de Medios comprométese a financiar un importe máximo de 120.000 euros á entidade colaboradora para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio.

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0 correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

CUARTA.- Obrigas das partes.

1. Serán obrigas da entidade colaboradora:

- a) Realizar e emitir en V Televisión seis programas de 20 minutos, cunha periodicidade estimada mensual, orientados á divulgación da I+D+i. Estes programas estarán accesibles durante a vixencia do convenio na propia web de V Televisión.

Así mesmo se emitirán seccións orientadas á divulgación da I+D+i nos programas de V Televisión con altos niveis de audiencia, informativos ou doutra natureza.

- b) A realización de seis programas de divulgación de información da I+D+i en Radio Voz, cunha periodicidade estimada mensual.
- c) Promoción da emisión de ditos programas de radio e televisión no xornal en formato papel La Voz de Galicia e o xornal dixital www.lavozdeg Galicia.es.
- d) Elaborar a información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada. O volume e a frecuencia das noticias está absolutamente vinculado á intensidade informativa de cada momento e á actualidade informativa.
- e) Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Secretaría Xeral de Medios para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.

2. Serán obrigas da Secretaría Xeral de Medios:

- a) Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b) Proporcionar á entidade colaboradora os datos e a documentación que se lle requira e que garanta a obxectividade e veracidade da información.



Quinta. Autorización.

A entidade colaboradora autorizará á administración colaboradora para que obteña directa ou telemáticamente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social (modelo Anexo III). No caso contrario aportará a documentación que xustifique o cumprimento das ditas obrigas.

Sexta. Igualdade de xénero e protección da infancia.

A entidade colaboradora, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.

Sétima. Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade colaboradora prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.

Oitava. Normativa lingüística

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Novena. Forma de pagamento e xustificación.

1. Pagamentos. A Secretaría Xeral de Medios poderá realizar os pagamentos en función do grado de execución do obxecto do convenio, tendo en conta os custos unitarios establecidos no Anexo I. A entidade colaboradora achegará a seguinte documentación:

- A factura correspondente.
- Declaración responsable asinada electrónicamente da realización parcial do obxecto do convenio (modelo Anexo II).
- Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

2. Presentación das facturas e da documentación adicional.

a. A Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.



O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPACAP e, preferentemente, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

O SEF esta dispoñible para todos os provedores, e acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselleriadefacenda.es>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

CONSELLERÍA:	Presidencia da Xunta de Galicia
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	Secretaría Xeral de Medios.
UNIDADE DE CONTRATACIÓN:	Servizo de Xestión de Medios Informativos
CIF:	S1511001H

CÓDIGO INTERNO SEF:	066
----------------------------	-----

CÓDIGOS DIR3:	
CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE:	A12009376
CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR:	A12010201
CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA:	A12009480

DIRECCIÓN DA UNIDADE TRAMITADORA:	Edificio San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela
--	--

PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACE):	http://conselleriadefacenda.es/factura http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/
---	--

b. Os anexos, as memorias e calquera outra documentación adicional deberán presentarse obrigatoriamente por vía electrónica. A entidade asinante deste convenio responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPACAP e, preferentemente, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

Décima. Avaliación e seguimento. Comisión mixta

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por:

- Dous representantes da Secretaría Xeral de Medios, un dos cales actuará como presidente.
- Dous representantes da entidade colaboradora.

A Comisión reunirase a petición de calquera das dúas partes.

Décimo primeira. Publicación

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades beneficiarias integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento.

Décimo segunda. Vixencia do convenio.

O presente convenio estará vixente dende o 01.06.2017 ata o 30.11.2017 e non será prorrogable.

Décimo terceira. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décimo cuarta. Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superavit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Décimo quinta. Relación laboral



A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Secretaría Xeral de Medios, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo sexta. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.

Contra as mesmas caberá interpor recurso contencioso administrativo diante da xurisdición Contencioso Administrativa.

Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos no do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e datas mencionados.

Pola Secretaría Xeral de Medios

Pola Corporación Voz de Galicia S.L.U.



ANEXO I

ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i) EN GALICIA NO ANO 2017 ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U

Acción	Total custo	Unidades	Custo unitario
Difusión en prensa			
Programa en Radio Voz			
Difusión en edición dixital lavozdegalia.es			
Programa en V Televisión			
Total			



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i) EN GALICIA NO ANO 2017 ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U

D/Dª con DNI, en calidade deda entidade,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, de acordo co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

Que durante o mes de esta empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación sobre as obrigas das partes.

Concepto	Unidades en convenio	Unidades realizadas no mes
Difusión en prensa		
Programa en Radio Voz		
Difusión en Edición Dixital lavozdeg Galicia.es		
Programa en V Televisión		

(Sinatura)

En....., de de.....



ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i) EN GALICIA NO ANO 2017 ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U

D/Dª con DNI, en calidade
de da
entidade,

AUTORIZO

Á Secretaría Xeral de Medios a obter de forma directa as certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)

....., dede